



NOTA INFORMATIVA

O luns 26 e o martes 27 xaneiro terán lugar os exames finais dos cursos preparatorios para a obtención do **TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA (1º, 2º, 3º,e 4ª)** , na Casa de Cultura. Algún dos profesores do IES S. Clemente desprazaranse ata Boiro para realizar estes exames.

Informar a aquelas persoas que puidesen estar interesadas en obter esta titulación que no mes de febreiro quedan prazas libres para poder matricularse , pois dá comenzo un novo cuatrimestre. As clases impártense de luns a xoves de 20.00 h a 22.00h.

Os interesados poden chamar a Casa de Cultura tfno. : 981-848425
cultura@boiro.org



A oferta pública de educación de persoas adultas, gratuita e de calidade, asegura e garante que as persoas adultas poidan adquirir, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o desenvolvemento persoal e profesional.

Destinatarios

Poden cursar ensinanzas de educación de adultos maiores de 18 anos , en especial desempregados, rapaces que abandonaron o sistema educativo sen unha titulación básica ou aquelas persoas interesadas.

Obxectivos acadados

- Actualizar a formación básica e acceder aos diferentes niveis do sistema educativo: bacharelato, ciclos...
- Mellorar a cualificación profesional ou adquirir unha preparación para o exercicio doutras profesións.
- Adquirir novos conceptos, técnicas ou habilidades para unha mellor adaptación aos cambios do mundo actual.
- Conseguir unha maior satisfacción e seguridade no medio persoal e profesional.